

PROPOSTA DA COMISIÓN DO PLANO ESTRATÉXICO DELEGADA DO CONSELLO DE GOBERNO NA ÁREA DE RELACIÓNS COA SOCIEDADE SOBRE AS EMENDAS PRESENTADAS POLOS GRUPOS DE DEBATE AO CADRO DE MANDO

As propostas da Comisión sinálanse en cursiva

- Emendas ao obxectivo “Facilitar a relación dos Campus cos contornos metropolitanos”
 - o En relación a o indicador “Usuarios do transporte público comarcal (ferrocarril e autobús)”, suxírese que se revise o nivel a acadar de 500 usuarios diarios en 2008, e, particularmente, que se aclare se inclúe os desprazamentos A Coruña -Ferrol.
Mantense a proposta inicial, que inclúe ditos desprazamentos.
 - o Podería completarse coa elaboración, no horizonte do curso 2007/08, dun estudo de accesibilidade aos distintos campus.
Acéptase a emenda.
- Emendas ao obxectivo “Potenciación da proxección e a imaxe da UDC”:
 - o O indicador “Número de noticias relacionadas coa UDC na prensa galega” podería estenderse tamén a outros medios de comunicación (radio e TV).
Mantense a proposta inicial, a pesares de compartir a idea proposta, por razóns de custo.
 - o Podería incluírse un ou máis indicadores que recollan a presenza da UDC en Internet: Accesos á nosa web (totais, externos, no estranxeiro...), referencias en Google,...
Acéptase a emenda, propondo como indicador os “Accesos externos á web da UDC”, e como nivel a acadar un 10% de incremento anual.
- Corrección de erro: No obxectivo "Normalización da lingua galega", os niveis a acadar nos indicadores "Número de asistentes a cursos de lingua de especialidade para PDI" e "Número de asistentes a cursos de lingua oral para PAS" aparecen intercambiados.
- Emendas ao obxectivo “Adaptación dos Campus da Coruña e Ferrol aos principios do urbanismo sostible e da arquitectura ecolóxica”:
 - o Recoméndase engadir un indicador da porcentaxe da enerxía consumida que provén de fontes renovables.
Propónse como indicador o “Número de instalacións de xeración ou coxeración de enerxía”, e como nivel a acadar “Posta en marcha dunha nova instalación anual de 2006 a 2010”.

- Emendas ao obxectivo “Fomento da cultura crítica, solidaria e participativa”:
 - En relación á participación estudantil, suxírese engadir o indicador “Número de estudantes inscritos en asociacións de estudantes”, que debería intentar incrementarse nun 10% anual.
Propónse o indicador “Número de actividades organizadas por asociacións de estudantes”, e como nivel a acadar un “Incremento dun 5% anual”.
 - En relación á cooperación e voluntariado:
 - Proponse modificar o indicador “Número de estudantes que participan nos programas de cooperación e voluntariado” e considerar o “Número de colaboradores que participan nos programas de cooperación e participación social”.
 - Considérase máis realista situar o nivel a acadar nun aumento do 5% anual (en lugar do 15%).
Acéptase a emenda.
 - Proponse engadir o indicador “Número de participantes en cursos de formación en cooperación, voluntariado e participación social”, sinalando como meta o incremento do 5% anual.
Acéptase a emenda.
 - Deberían incluírse indicadores relacionados coa difusión do coñecemento libre, tais como:
 - Traballos publicados con licencias abertas.
 - Uso de software libre: porcentaxe de ordenadores en AulasNet nos que está instalado...
 - Uso de estándares abertos: que toda a web da UDC use estándares abertos no 2008.
Acéptase incorporar os dous últimos indicadores, e propónse como nivel a acadar no referente ás AulasNet a instalación de algún programa de software libre no 100% dos ordenadores en 2007.
 - Suxírese engadir a elaboración, antes do final do período de vixencia do Plano Estratéxico, dun plano de atención á multiculturalidade.
Acéptase a emenda.
- Incorporación dun obxectivo: Suxírese localizar o obxectivo “Realizar unha oferta residencial universitaria na Coruña e Ferrol” nesta área en lugar da de Docencia.
 - O “Número de prazas residenciais universitarias en Ferrol” máis realista é de 150 (non 200).
Acéptase a emenda.